

ELECCIÓNS DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De conformidade co establecido na Resolución do 19 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG do 30 de setembro de 2022), o luns, **día 28 de novembro de 2022**, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 pais/nais**, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar. Os outros 3 representantes de pais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 18 de novembro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas dende o día 4, ata as 14'00 horas do citado día 11 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 14 de novembro, ás 11'30 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Dirección do Centro, que exercerá a presidencia, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 15 ao 28 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 27 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 28 de novembro, de 17'00 a 20'00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16'45 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **2 nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 3 de novembro de 2022.
O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.:



MODELO DE CANDIDATURA DE PAIS DE ALUMNOS

Segundo o establecido no Decreto 92/1988, do 28 de abril, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan aos órganos de goberno dos centros públicos de ensinanza non universitarios (DOG do 29), modificado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) e pola Resolución do 20 de setembro de 2021 (DOG do 29 de setembro de 2021),

D./D^a con D.N.I. núm.,
domiciliado na rúa n^o,
teléfono de A Coruña, na súa condición de do alumno/a
..... de ese Colexio Público, e inscrito no censo electoral, polo presente escrito,

MANIFESTA que está disposto/a a asumir a representación das nais, pais e/ou titores legais do alumnado no CONSELLO ESCOLAR do Centro si para iso é elixido/a nas votacións a realizar o día 28 de novembro de 2022, sendo polo que presenta a súa candidatura.

A Coruña, a de novembro de 2022 .
O pai, Nai ou Titor legal,

Asdo.:

SR./A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL DO CEIP